

Desglose dos conceptos a aboar:

- Apertura de expediente: **22,00 €** (só alumnado que se matricula por 1ª vez nunha EOI de Galicia)
- Servizos xerais: **13,00 €** (só alumnado oficial)
- Matrícula por cada idioma e réxime oficial (incluído C1): **92,00 €**
- Matrícula por cada idioma en réxime libre (convocatoria única; incluído C1): **46 €**
- Inscripción na proba de clasificación: **17 €** por idioma.
- Cursos de actualización e especialización para o público en xeral: **1,5 €/hora**.

Exencións:

- Familia numerosa de categoría xeral: exención do 50% do importe total.
- Familias numerosas de categoría especial: exención do 100%.
- Funcionarios/as dos corpos docentes establecidos na [Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación](#) (BOE do 04/05): exención das taxas de matrícula, unicamente nas materias de nova matriculación.
- As persoas cun grao de discapacidade acreditable igual ou superior ao 33%: exención do 100%.
- As vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos: exención do 100%.
- As vítimas de violencia de xénero, así como os/as seus fillos/as: exención do 100%.

Importante: en todos os casos deberase acreditar documentalmente (con copia e orixinal) o dereito ás exencións.

Pago aprazado

A modalidade oficial permite fraccionar e aprazar as contías referidas exclusivamente ao concepto de matrícula: o 50% no momento da matrícula e o resto antes do 31 de xaneiro (antes do 31 de novembro no caso dos cursos intensivos cuadrimestrais). Para esta modalidade de pago é preciso entregar comprobante da conta bancaria onde conste o IBAN (certificado, recibo...).

A modalidade libre non permite o aprazamento do pago.

Exemplos de taxas:

MODALIDADE OFICIAL	1 idioma	2 idiomas	3 idiomas	Proba de
Tipo de alumnado	e/ou nivel	e/ou niveis	e/ou niveis	clasificación
Alumnado ordinario novo (1)	127	219	311	17,00
Alumnado ordinario antigo (1)	105	197	289	17,00
Familia numerosa xeral novo (1)	63,50	109,50	155,50	8,50
Familia numerosa xeral antigo (1)	52,50	98,50	144,50	8,50
Familia numerosa especial	0	0	0	0
Minusvalías, outros	0	0	0	0
Funcionarios docentes (novos) (1,2)	35	35	35	0
Funcionarios docentes (antigos) (1,2)	13	13	13	0

1. Por "novo" enténdese o alumnado que se matricula por primeira vez nunha EOI de Galicia; por "antigo" enténdese o alumnado que xa estivo algunha vez matriculado nunha EOI de Galicia.

2. A exención só se aplica na primeira matrícula para cada idioma e/ou nivel; aplícase a funcionarios docentes dos corpos establecidos na Lei 2/2006.